

Con Colin Smith en Oxford

David Mackenzie e Anxo Tarrío Varela
(Invitado especial: *Constantino García*)

Profesor, para empezar gustaríanos que nos fixese un breve resumo da súa biografía intelectual.

Ben, eu estudei linguas latinas no colexio, entre os dezaseis e dezaioito anos, en Brighton, na costa sur. Foi no mesmo colexio ó que asistiu David (Makenzie), polo tanto ten xa uns bos antecedentes galeguistas, ¿ou non?. Fun despois a Cambridge a estudar francés e español, que é o costume. Despois, ó elixir un tema para o meu doutorado decanteime polo español, que me interesaba moito máis có francés, que xa empezaba a parecerme un campo clásico e cerrado, mentres que España e o español ofrecíanme posibilidades algo mellores. Foi unha elección feliz da que endexamais tiven que laiar-me.

Para o doutoramento traballei sobre Góngora e tiven a grande sorte de me presentar a unha beca do Consello Superior de Investigacións Científicas en España. Era o curso 50-51, o primeiro ano en que houbo intercambio de becas a nivel gubernamental entre Inglaterra e España. Pasei un ano estupendo en Madrid, con amigos que xa o foron para toda a vida e coñecín e aprendín algo de Dámaso Alonso e Rafael Lapesa. Non podo dicir que fosen mestres moi importantes na época da miña formación pero tampouco quero diminuír o seu papel, porque puideron asistir a cursos e conferencias na Universidade e atopar algunha axuda que necesitaba nos meus traballos sobre Góngora. E, claro, para iso non había ninguén mellor que D. Dámaso, que estaba no cumio do seu entusiasmo gongorino.

¿Coñeceu tamén nese momento a D. Ramón?

¿Menéndez Pidal? Non. Logo, si. Mellor dito, coñecer non, estiven en presenza de D. Ramón, no ano 1962, cando foi o Primeiro Congreso Internacional do Hispanismo, aquí mesmo, en Oxford. Como eu era membro do Comité da nosa Asociación Británica de Hispanistas, que organizaba o Congreso, encomendáronme uns cometidos moi modestos, entre os que estaba o de alugar a toga a que tiña dereito D. Ramón, pois recibira, aquí en Oxford, o doutorado *Honoris Causa*, no

ano 1922, coido recordar. El tiña dereito, estando aquí en Oxford, a volver a levar toga. E fíxoo. Lembro agora que, como eu son bastante alto e el era un home pequeno e delicado, sobre todo cos seus máis de 90 anos, tiven que lle poñer eu a toga.

Outra lembranza que teño de D. Ramón é precisamente da ponencia plenaria que el deu naquel Congreso sobre o Padre Las Casas, tema moi controvertido. Eu coido que había naquel momento bastante xente coñecedora do tema, e D. Ramón, que defendía por aqueles anos, con entusiasmo, a aquela figura, estaba moi equivocado. Pero, ben, el deu a súa conferencia e cando empezaron as preguntas no debate público, estaba na sala Marcel Bataillon, que quería dicir bastante sobre disto. E díxoo. Entón D. Ramón, obsesionado, con moita cortesía, avanzou ata a mesma beira da tarima, que estaba a uns dous metros de altura, e nós, os do Comité, que estabamos sentados alí abaixo, vendo como D. Ramón se apaixonaba e se acaloraba moito ó contestar a Bataillon, movéndose moito, con perigo de caer, estabamos cos brazos estendidos por se efectivamente caía. É a única vez que coñecín a Menéndez Pidal.

Ben, con estas anécdotas cortamos un pouco a liña que viñamos trazando sobre a súa biografía.

Si. Despois, en outubro, ó rematar o doutoramento, fun ó meu primeiro emprego en Leeds, no Norte, e estiven alí quince anos ensinado español, sobre todo, dialectoloxía, historia da lingua e cousas medievais. Despois, no 68, saíu unha vacante en Cambridge e transladeime alí. No ano 75 adquirín a cátedra e permanecín alí ata que me xubilei o ano pasado.

Sobre deste tema temos que volver máis tarde, pero cremos lembrar que foi en Leeds, precisamente, onde coñeceu vostede a Alvaro Cunqueiro.

Non, eu non coinciden en Leeds con Cunqueiro, aínda que a miña paixón cunqueiriana naceu alí, porque nos últimos anos cincuenta Reginald Brown, que foi o xefe do Departamento e que se xubilou no ano 75 e que era un grande coñecedor de España, así como moi bo falante de español, prestoume o *Merlín* en castelán que acababa de mercar el e que lle gustara moito. A min pasoume o mesmo, e despois fun lendo outras cousas. Teño que dicir que só moi recentemente empecei a ler a Cunqueiro en galego.

Tomemos outra vez o fío. ¿Entón, os seus primeiros contactos coa literatura española, é dicir, as súas primeiras investigacións sobre ela, a fondo, con que autores tivo lugar?.

Con Góngora, que foi o tema da miña Tese. Tratábase de desenvolver un pouco máis a liña iniciada por Dámaso Alonso. Estudiei toda a poesía culta, as tendencias cultas do español e das outras linguas románicas durante todo o século XVI, durante o Renacemento, e vese un proceso perfectamente natural. Porque antes crérase na loucura de D. Luís de Góngora ou dun cambio súpeto debido a forzas externas, e non é así. É un desenvolvemento perfectamente racional dun grande poeta e artista.

Despois dos estudos sobre Góngora, vostede destacou como editor do Poema de Mio Cid e aí supoñemos que xurdirían controversias co anterior editor e case pioneiro, D. Ramón Menéndez Pidal.

Xurdiron. E que eu durante moitos anos, en Leeds, ensinei literatura medieval, sobre todo épica e romance, asuntos moi principais en calquera curso dese tipo, seguindo cegamente a liña pidalista, porque os seus traballos estaban tan establecidos que ninguén pensaba en cambialos, nin en España nin no hispanismo do exterior. Pero ocorreu unha cousa curiosa. Empecei a dubidar disto co episodio do *Mio Cid* referido ós prestamistas. Decateime de que o que dicía D. Ramón disto non era correcto. D. Ramón, na introducción, moi extensa, con que encabeza a súa edición de Clásicos Castellanos, que é a edición máis lida ou que o foi, aquí e en todo o mundo, di concretamente que o feito de que o préstamo non se chegase a devolver no poema fora un despiste dos xograres. Iso non é así. Isto pode parecer un punto de mínima importancia pero realmente non o é, porque todo ten que ver co concepto que tería o público medieval de escoitar un poema. E aquí, ese detalle é parte do carácter heroico, neste caso dun grande heroe cristián, que é o núcleo do poema, para o público do momento, pois o Cid é quen de defraudar ós prestamistas, que son os máis listos e tiñan moito poder. E ademais é un episodio riquísimo en detalles.

Non fun eu o primeiro en facer ver isto. Xa no século XIX houbo quen dixo máis ou menos o mesmo, e isto cadra perfectamente co que era o mundo medieval para os xudeos, sobre todo para os prestamistas. Hai analoxías en moitas literaturas, en moitísimos episodios históricos de tódolos países. E claro, todo isto fíxome empezar a dubidar da total corrección de Menéndez Pidal noutras moitas cousas que el dixera sobre *Mio Cid*, de tal xeito que me atrevín a preparar unha edición sobre principios bastante novos. Publicouse aquí no ano 1972 e era unha edición máis fiel ó manuscrito, con correccións moi lixeiras e cunha introducción con opinións totalmente distintas. Isto supuxo renovar moitas cousas e empezar a mover os problemas. Despois houbo outras edicións, sobre todo a de Ian Michael, que se publicou algúns anos despois, aquí, no mesmo Oxford. Michael e mais eu, en xeral, aínda que disentimos nalgúns aspectos, coido que somos os que temos renovado os estudos, facendo que a xente volva ó manuscrito.

¿ De que texto partiu vostede, do orixinal ou da versión paleográfica que fixo Menéndez Pidal? Porque, claro, ó mellor tamén ten fallos esta edición.

Consultei a versión paleográfica que publicou Menéndez Pidal no ano 1961. Eu non vin nunca o manuscrito. Pero no ano 1982 o municipio de Burgos publicou unha edición facsimilar magnífica.

¿E confrontada a versión paleográfica de Menéndez Pidal coa facsimilar nótese que está ben feita?

Non hai dúbida. Ninguén despois lle modificou nada. Sobre desta cuestión do manuscrito Ian Michael tería máis que dicir ca min, xa que el si que consultou o manuscrito que está na Biblioteca Nacional agora (por certo que tivo que facelo cun garda armado a carón seu). El quería mirar con raios infravermellos para tratar de descubrir se había trazos doutras letras debaixo das chataduras, pero non o deixaron.

E xa que saíu, porque tiña que saír, a colación D. Ramón, quero dicir un par de cousas. Algunha vez en España oín comentarios, e mesmo os vin impresos, no sentido de que “tal hispanista estranxeiro, inimigo de Menéndez Pidal”... E iso non é así. Eu teño o máis grande respecto por aquel home. Utilizamos constantemente as súas obras, que son básicas, fundamentais aínda en moitos sentidos, pola enorme cantidade de datos e textos que el reuniu nesa tremenda vida de traballo. Polo tanto non hai nada de enemistade nin cousa parecida, senón o máis profundo respecto. Soamente hai que dicir, por que é así, que non existe unha edición definitiva. É unha tontería pretendelo. As xeracións sucédense, avanza, e pode ser tamén que o estranxeiro, suponse que ben informado, teña outros puntos de vista que poden ser acertados. Outras veces poden equivocarse máis que o propio nativo. Isto pode pasar, entender mal un texto, pero faise con boa fe, e eu coido que calquera hispanista español, da propia España ou de Latinoamérica, confesará de boa gana que aprende bastante dos hispanistas estranxeiros, que existen estes puntos de vista necesarios...

Coidamos que é escusado insistir nisto, pois sabemos abondo o que o hispanismo lle debe ós estudiosos estranxeiros. Pero, Volvendo algo ó fío da conversa. Vostede propuxo cousas novas sobre o poema. ¿Pode facernos relación dalgunha delas?

Ben. Eu fun moito máis lonxe, tratando de asociar a creación do poema coa tradición épica francesa, sobre todo, que é polo menos un século anterior ó texto castelán (sobre isto non hai a máis pequena dúbida) e tamén demostrar que o poeta español aprendeu bastante dos franceses polo que se refire á estrutura da súa obra, a moitos personaxes, en varios aspectos do sistema de fórmulas do poema, etc. Todo o cal sería perfectamente natural, xa que a épica francesa dominaba, dende Escandinavia ata Portugal, como sabemos hoxe moi ben.

Pero tiven a certeza, tamén, de que o poeta español co seu texto superou ós propios franceses, en canto ó tema, a trama, a lóxica da acción, a humanidade dos personaxes, os motivos, os grandes momentos de poesía e drama, etc. Coido, francamente, que é un poeta superior. Despois disto, pódese pasar a insistir en certos aspectos notablemente hispánicos cos que o poeta se distinguía, como pode ser o feito de ver ós mouros da península como formando parte da realidade histórica do momento, mentres que na épica francesa soen ser uns seres extraños movidos polo diablo e que aparecen en número enorme...

Entón, o realismo do poema, que tanto defendeu Menéndez Pidal é un trazo definidor...

Iso si está, nese aspecto si. Hai un bo equilibrio entre o feito de asociar a épica española coa francesa e facela depender, en certa medida, dela, pero como contrapeso moi importante cómpre insistir nas virtudes hispánicas, sobre todo polo que se refire á observación da realidade e da guerra na península.

Vostede ten un libro recente sobre do suposto autor do poema.

Teño, si. Reunín varios artigos e engadínl algúns aspectos novos para facer este libro no ano 1983, sobre *The making of the poem of de Cid*. A versión española

apareceu despois en Barcelona, na editorial Crítica. É como unha especie de reivindicación en prol do autor, que eu chamo Per Abad, que é quen asina o manuscrito existente e do que, normalmente se opina que é só o copista. Eu penso que pode ser tamén o poeta de 1207, que é a data que alí aparece. Era para dar máis personalidade ó poeta, imaxinalo como un home que está aí sentado a carón de min para parolar e explicarse.

Para Menéndez Pidal, toda a épica, tanto a francesa coma a española e a grega (tendo o nome de Homero) e a saga escandinava e cousas así, teñen que ser produto xenuíno do pobo, de pobos incultos con orixes orais. Claro, non figura para nada a escritura. Pero, ben, Menéndez Pidal tiña as súas dúbidas sobre isto e estaba disposto a admitir a escritura no proceso da creación. Pero sobre todo cría nunha serie inacabable de autores, de poetas, de cantores, xogres (*jongleurs*), etc., sen nome, porque é unha arte tan anónima coma, non sei, os que traballaban na construción dunha catedral na Idade Media. Sería o *autor lexión*, e todos, cada un dos poetas sucedería ó outro mellorando a versión anterior ou tamén producindo unha versión peor se non ten boa memoria ou se non ten imaxinación. Pero eu coido que non é así, nin na épica francesa nin na española. Eu coido que é unha produción bastante culta e, no caso de *Mío Cid*, creo que o autor sabía francés, escoitara poemas franceses, podía ler manuscritos franceses e mesmo moi ben puido estar en Francia como estudante de Dereito. Debía saber algo de latín, para poder ler latín clásico, non en textos de grande extensión, enteiros, senón en series de extractos, por exemplo, de uso estudantil, sobre a arte militar ou como se fai o asedio a unha cidade ou como se utiliza a carga da cabalería e cousas así, bastante sinxelas.

É dicir, que o máis probable é que houbera un autor. É difícil pensar que un poema así saíse do pobo. É imposible, realmente. O que ocorre, entón, é que o texto dese autor inmediatamente de ser lido ou divulgado por outras persoas vaise transformando. Iso ocorre agora mesmo cos guións de televisión ou con textos teatrais, que, ó seren intepretados sofren transformacións.

Si, estou totalmente de acordo. O home culto compón o poema, pero o xogar vai presentalo ó público, aprende os versos como os aprende un actor moderno, etc. É un home especialmente preparado para isto, formouse profesionalmente para isto, pero nun momento pode entusiasmarse e ter unha idea: ¿como cambiaremos isto?, e de seguido interpón algo de seu. Pero as máis das veces esquécese, como o actor moderno, e logo ten que improvisar e ten que facelo en verso. Sabemos moi ben que un bo actor calderoniano, se esquece algo, é perfectamente quen de improvisar. Non un soneto, claro, pero si unhas redondillas. Faino tamén un bo actor shakesperiano. E sendo a épica, precisamente, unha poesía tan formulaica, un bo xogar, dentro da mesma serie de asonancias, de rimas ben pode insertar cousas de seu.

Si, nos nosos días, Albert B. Lord, desmostrou e rexistrou a existencia de épica oral na actual Iugoslavia. No seu libro The singer of tales explica cousas destas.

Permítanos unha curiosidade, antes de pasar a outra cousa, profesor: sabido é que cando un se dedica intensamente a unha determinada investigación, queda sempre, nalgunha medida, marcado por ela para sempre. ¿Seguen a lle desacougar a vostede aínda cousas relacionadas con Mío Cid?

Pois si, claro. Sempre hai unha certa inquedanza por non poder resolver estes problemas totalmente. Lembro agora cando alá polas datas en que morreu D. Ramón, aparecera un debuxo de Mingote no que se vía a Menéndez Pidal sentado nunha nube e falando co Cid. E este dille: "Benvido, agora podemos falar das nosas cousas".

Pasando a outro tema. ¿Como se lle ocorreu a vostede elaborar un diccionario? Porque iso supuxo un traballo enorme.

Supuxo, dende logo. Iso comezou en Leeds nos anos 50. Naquel momento estaban ofrecendo por varias universidades británicas a posibilidade de traballar nun modesto diccionario para a Langenscheidt de Berlín, que tiña xa bastantes dictionarios deste tipo, interlingües, e buscaban algo para traballar nun diccionario de español-inglés, inglés-español. Traballamos tres: Harold Hall, de Liverpool, que xa morreu, o meu amigo Gareth Davies, de Leeds, que xa está xubilado no seu Gales nativo para escribir poesía en galés, e mais eu. Efectivamente, fixémoslo, publicouse e segue a se vender, aínda que é mágoa despois de tantos anos, sen corrixir, sen poñer ó día. E despois, non lembro como, chegou a invitación de Collins, que estaba empezando a pensar nunha serie do mesmo tipo, aínda que nunha escala bastante máis grande. Contrataran (isto foi no ano 64) xente para facer dictionarios de francés, de inglés, de alemán, probablemente tamén de ruso e italiano. O diccionario francés de Collins tivo as súas dificultades co equipo de persoas e por iso non funcionaba ben. Tanto que non saíu ata o ano 78.

Eu traballei bastante ben e só (con dous colaboradores nativos, aínda que o 95% do traballo é meu). Saíu no 71. Eu tiña unhas ideas bastante claras por aquel entón sobre do que podía ser un diccionario de linguas modernas, que era, 1º) expulsar todo o lastre de dictionarios anteriores, todo o decimonónico, de palabras cultísimas, de moitas palabras científicas e tecnolóxicas, a penas usadas por ninguén, para as que compría que pasar xa a dictionarios especializados de medicina, de enxeñería, etc. 2º) Empregar moito máis traballo en explicar, dun xeito claro, as relativamente poucas palabras que todos empregamos continuamente. Calculáronse para o inglés arredor de 800 palabras, e podería ser indubablemente o mesmo para o español. Trataríase de estender enormemente a cobertura destas palabras e traducilas ben e logo poñer moita información de tipo gramatical para saber como se constrúe un verbo. Por exemplo, hai que dicir que "to promise to do something" é "prometer facer algo", etc., cousas moi sinxelas que non aparecían antes. 3º) Poñer moitos exemplos. Este foi outro principio a seguir. Moitos exemplos de palabras ou xiros na súa oración extensa ou nunha parte, a parte esencial dunha oración extensa de lingua normal, para amosar ó usuario, ó estudante, esa palabra ou ese xiro nun contexto correcto de toda a vida. E iso foi todo, pero resultou moi revolucionario.

Si, pero tivo un éxito enorme e para os hispanistas de fala inglesa foi dunha grande axuda, caeu como un maná do ceo, pois non había ata entón un instrumento apropiado. Son cousas moi importantes para coñecer ben o contexto en que se deben utilizar as palabras ou os xiros. A este respecto, hai unha anécdota que viviu Alarcos en Suiza. Había alí unha conferencia e estaba o hispanista Arnold Steiger, que foi famoso arabista. Cando despediron ó conferenciante, Steiger díxolle "y ahora se marcha usted con la música a otra parte". Entón Alarcos, claro, díxolle

a Steiger que cómo lle dicía iso, se non se decataba de que era un insulto, ó que Steiger respondeu que alí moita xente di iso "me voy con la música a otra parte". Claro, iso pode dicilo un de si mesmo, pero non se pode utilizar para llo dicir a outra persoa sen ofendela. Isto é o difícil dun diccionario.

Hai aínda outra anécdota. Esta pasoulle a Coseriu, que é moi bo coñecedor do español. Nunha ocasión chamouno por teléfono o hispanista Van Damm e díxolle "venga usted por mi casa y hablaremos por los codos". Claro, a Coseriu non lle encaixaba ben na situación a utilización desa fórmula coloquial, e tiña razón pois non se pode utilizar máis que falando do pasado. Ninguén pode programar que se vai falar "por los codos" Entón, ¿como metemos cousas como estas nun diccionario?

Eu pensei algunha vez na posibilidade de facer outro tipo de diccionario, que sería como o meu actual pero con tantísimas palabras e notas en cursiva como explicación que cumpriría enormemente as cousas. Tamén levaría avisos: "¡ollo!, esta palabra, ou esta frase, non pode utilizarse máis que en determinados contextos sociais e en determinadas situación, etc." Claro, o ordenador resulta moi importante en todo o proceso e nun futuro bastante próximo poderemos facer todo isto. Compriría, iso si, mellorar moito o que chamamos en inglés *search*, a busca de palabras.

¿En que situación está agora o diccionario que vostede dirixe?

Ben, xa saíu unha segunda edición no ano 1988, foron tres anos de traballo. En abril do 92 sairá a terceira edición, que supón outros tres anos máis de traballo, con novos colaboradores, tres exactamente, e un prefacio breve, bastante retórico, que será un saúdo á hispanidade mundial.

¡Ah!, logo, isto é unha primicia informativa. Moi ben. Imos ver outra cousa, empatando co que xa saíu antes a colación: ¿Como foi entón o seu primeiro encontro con Alvaro Cunqueiro?

Ben, como xa dixen antes, eu fun lendo as obras sucesivas que Cunqueiro fá sacando á luz. E no ano setenta e sete foi cando estiven con el uns días en Galicia.

¿Xa que logo, foi en Galicia onde o coñeceu?

Foi. Ben, cruzáramos algunhas cartas porque eu quería que el me explicase algún punto ou algo así. Pero persoalmente non o coñecín antes. El deume e asinoume un exemplar de *El año del cometa*, que coido que é o mellor que escribiu. Así que eu coñecía toda a súa obra en castelán e despois fun lendo todo en galego, aínda que, teño que confesalo, para min supón máis traballo. Pero é moi interesante a elección da lingua por parte dun escritor. A este respecto, eu coido que o de Cunqueiro foi maxistral: empezou a escribir no seu galego nativo (el declarou en moitos sitios, en revistas, etc., que o galego era a súa lingua primeira) e logo traducíndose a si mesmo.

Eu pregunteille como conseguía esa marabillosa calidade poética, lixeiramente arcaica, da súa prosa. El díxome que sen ningún esforzo, que se debía á mesma

natureza do seu galego nativo, que se trasladaba do modo máis natural ó seu propio castelán. Realmente é debido á grande calidade que el ten como escritor e creador. Ocorrémese un exemplo: el escribe “por otra banda”, que coído que non existe en castelán, e no comezo do *Merlín* escribe “viniendo a este reino por la banda de León”. Claro, todo isto en castelán dá lugar a figuras de estilo...

Si, Cunqueiro non traduce, propiamente crea e mesmo inventa palabras. Por exemplo, utiliza a palabra demolecer, que el inventa sobre amolecer, por unha parte, e debilitar, pola outra. Mesmo no comezo do Merlín, di “Tal e como agora eu vou, vello i anugallado (...)”. Ese anugallado, que é unha palabra inventada por el, sobre nugalla, equivalería a perezoso, en castelán, pero el trasládao como fatigado. El recrea continuamente e vai formando (como todo escritor) a súa propia lingua, que unhas veces responde á variante da zona de Mondoñedo pero outras moitas non. Así, en Mondoñedo dise mao, pero el escribe man, e así con moitas cousas. Por exemplo, ¿de onde tirou Cunqueiro a palabra algaribo, pois seguramente a lería nalgún texto medieval e ó pasala súa obra ó castelán deixa a palabra tal cal ou ben a transcribe por forastero ou extranjero. Cando escribe sobre a selva de Esmelle, traduce longa por ancha, non por larga, que é o que lle correpondería en castelán.

Por outra parte, hai outro fenómeno que convén ter en conta: non sempre os escritores galegos que escriben en castelán se decatán das formas propiamente galegas que utilizan cando están escribindo. Tal ocorre coa Pardo Bazán ou Valle-Inclán, que ás veces non son conscientes de que están a utilizar esas formas. E o mesmo lle pasaría a Cunqueiro por veces. Os que temos unha preparación filolóxica e, xa que logo, unha sensibilidade especial para estes fenómenos, decatámonos da grande cantidade de galeguismos de todo tipo que existen no castelán falado e escrito por galegos. Seguramente a vostedes os hispanistas estranxeiros extrañaralles moito este fenómeno.

Si, dende logo.

Ademais, cómpre non perder de vista que en Cunqueiro funciona quizais máis ca noutros escritores o sentido da eufonía da frase. Así, no exemplo que hai un pouco poñía Constantino García referido a que Cunqueiro traduce sempre longa por larga pero que no caso da selva de Esmella o faga por ancha é moi posible que se deba a necesidades de musicalidade. A prosa de Cunqueiro é moi musical e moitos inventos lingüísticos del, igual que no caso de Otero Pedrayo, seguramente se deben a esa característica da súa prosa.

Ben, eu teño dito, en conferencias, que Cunqueiro é o mellor escritor de prosa artística castelá do noso tempo.

Non hai dúbida, xunto con Valle-Inclán, quizais.

Non obstante, Valle é algo máis barroco, a súa prosa está algo máis recargada de adxectivación... En canto a Cunqueiro, eu coído que a mellor calidade consíguela coa marabillosa poética atemporal que logra establecer en tódalas súas obras, tanto no *Merlín* coma no *Orestes*, etc. En *Merlín*, por exemplo, aparece un tren, pero alí está tamén Dona Xenebra. Nisto coído que chega ó seu cume en *El año del cometa*,

cando, cara ó final, se asocian os grandes xenerais do pasado, o rei David, o rei Artur, Xulio César, así, en debate, todos xuntos. Claro, é un soño, pero faino natural esa atemporalidade.

Si, parece que para Cunqueiro, polo menos para o Cunqueiro escritor de ficcións existe o presente, que cobre unha banda máis ou menos extensa, cara a atrás, a partir da actualidade, da historia inmediata, e despois todo o demais é antigo, sen profundidade nin ordenación cronolóxica, todo nun mesmo plano, como un grande telón de fondo onde poden aparecer pintados os máis diferentes personaxes dos máis variados tempos.

E despois está, efectivamente, esa naturalidade de que fala vostede, profesor. Cunqueiro fainos asistir ó prodixio como se fose algo normal da vida cotiá, e un, ó ler, nin sequera pensa na posibilidade de someter a realidade textual á proba da verdade, tan natural lle parece que as cousas ocorran como o fan no texto. Neste sentido, Cunqueiro foi un mestre das estratexias realistas. Soubo engaiolar moi ben o lector para que aceptase os pactos e as condicións de lectura. E o lector, unha vez enganchado nos códigos cunqueirianos acepta todo como natural, aínda que sexa a irrealidade máis disparatada.

O máis abraiante de todo é que Cunqueiro se atrevese a facer este tipo de literatura nun momento en que o realismo social era a norma e a consigna. Non polo que se refire á literatura galega, que seguiu unha dinámica propia e diferente, pero si no ámbito da literatura española, á que tantas cousas aportou el tamén.

Si, e con este tipo de escritura entra a cuestión crítica. Eu tiven sempre moita compaixón por Cunqueiro, porque foi un home que chegou moi tarde á fama, como Torrente, aínda que Torrente prosperou moito máis nos últimos anos. É unha mágoa que Cunqueiro morrese tan pronto porque con seguridade nestes últimos dez anos habería chegar a coñecer o nivel de sona que merecía. Non dende Vigo, pero si dende Santiago. Hai que ter en conta que Torrente tivo a vantaxe de estar cos periodistas e coa televisión en Madrid. O éxito de *Los gozos y las sombras* na televisión foi determinante para toda a literatura de Torrente.

Cunqueiro explicaba ós periodistas, non soamente a min, nas varias entrevistas que tivemos, que se sentira marxinado e que toda a corrente da novela dos anos 50, 60 e 70 fora dun realismo documental con notas socialistas que el odiaba. Ademais dicía sentirse moi fóra non só do mundo hispánico de Franco senón tamén de toda a arte contemporánea deses anos.

¿Estuvo vostede con Cunqueiro, aquí en Inglaterra, nalgunha ocasión?

Non, non coincidín nunca. Eu escribín unha cousiña que se publicou en *A Nosa Terra* no ano 84, e era o proxecto da viaxe á que eu invitara a Cunqueiro. Serían 15 días de viaxe para que el coñecese as terras pintorescas, medio celtas, das nosas illas. Porque como el escribira sobre o celtismo en Galicia e tamén na Bretaña, facíalle falta coñecer a terceira e, eu diría, meirande parte do mundo celta. Hai que ter en conta que por alí seguen a falar galés... e, ben (de Irlanda non falo), o caso é que eu ía recibilo no aeroporto de Londres e vir a través de Windsor, porque claro, alí están os reis e hai que saudalos de lonxe, e xantar aquí mesmo, en Oxford, cunha

boa luz dourada de primavera proxectada sobre estes edificios tan pintorescos. Logo iríamos a Bath...

É unha cidade moi fermosa, Bath...

Éo. Ten ademais moita historia, con caldas romanas a abadía e todo iso. Ben, despois a Wells e Glastonbury que é o artúrico propiamente. Alí forxouse a lenda, a raíz de Geoffrey of Monmouth, e alí “descubríronse” as tumbas do rei Artur (propiamente habería que dicir Artús) e da raíña, dona Xenebra, no ano 1187. Foi cousa dos monxes de Glastonbury, que andaban faltos de diñeiro e tiñan que interesar á realeza e á igrexa británica. Eles querían reconstruír a abadía. É unha cousa parecida á dos monxes de Carreña, que crean o mito do Cid (á marxe do Cid histórico, claro).

Hai notas dese descubrimento. Están a varios metros de profundidade en terras dos monxes, claro. Retiran a tapa do sarcófago de pedra do rei Artur e aparece unha inscrición: *Hic jacet sepultus inclytus rex Arturus in insula Avallonia*. Pero na tumba de Xenebra, o monxe que baixa toca os cabelos dourados da raíña e estes desfanse. Imaxinen vostedes o que sentiría D. Alvaro nese momento...

Despois, baixariamos cara ó suroeste, a Cornualles, que é o condado que realmente tivo lingua celta ata o século XVIII. E a Tinhagel e South Cadbury, que é un castro con restos deses séculos artúricos, que ben podía ser o castelo do rei Artur, se, en efecto, houbo unha figura histórica sobre da que despois se creou o mito.

Habían ser, xa que logo, quince días de viaxe. No único en que eu non ía poder contentalo sería nos aspectos gastronómicos, niso eu non ía poder facerlle competencia ningunha.

*Teña por seguro, profesor, que Cunqueiro había inventarlle, se é que non a coñecía xa de feito, unha boa dieta para esa viaxe. Pero imos cambiar un pouco o rumbo da nosa conversa e avanzar algo máis. As últimas noticias que tiñamos de vostede falan de que andaba a traducir o Merlín de Cunqueiro ó inglés. ¿En que fase se atopa ese proxecto? ¿Que dificultades atopa?**

¡Vaia!, en canto ás dificultades..., claro, non poder representar debidamente, dun xeito amplo, toda a riqueza de Cunqueiro. Fago o que podoo e coideo que podoo ter éxito abondo con iso, pero sempre consciente de quedar por debaixo do nivel do autor. Se tratase de imitar esa fasquía algo arcaica, poética, había soar bastante falso en inglés, e isto é un problema. Non soa falso no seu galego nin en castelán modernos, pero si en inglés.

¿Que posibilidades ou atrancos ve vostede para que o público inglés, digamos, simpatices, vibre coa literatura de Cunqueiro?

A dificultade primeira é convencer a unha editorial británica, pois ninguén coñece a obra de Cunqueiro aquí. Neste sentido, eu coideo que, unha vez publicada, mesmo a través da miña modesta e insatisfactoria tradución, había convencer a bastante

xente. Podería ser un modesto éxito literario. Coido que é posible, e vou seguir para adiante con este proxecto.

O que comprirá ter, seguramente, é un arroupamento crítico, unha presentación para o público de fala inglesa, dando a coñecer algunhas liñas mestras do xeito de escribir Cunqueiro.

Eu quero poñer vinte páxinas de presentación. Ben, digo vinte porque sería unha presentación proporcionada á extensión da obra, que é moi curta, certamente. Trátase de explicar e axudar ó público a se achegar a Cunqueiro, é dicir, a un autor de quen ese público descoñece todo. Explicar ata onde chega a imaxinación cunqueiriana. Eu coido que tamén podería interesar *Un hombre que se parecía a Orestes*.

Cunqueiro é quizais un dos poucos escritores de quen se pode dicir que interesa todo, mesmo os artigos de prensa, nos que sempre se atopa un con algunha marabilla. É curioso, a este respecto, comprobar como Cunqueiro poñía a mesma imaxinación, o mesmo interese pola palabra, o mesmo oficio para escribir unha modesta crónica de prensa que para proxectos de máis altos e duradeiros voos. Profesor, ¿coida vostede que o típico ou tópico pragmatismo inglés encaixaría ben unha obra das características da de Cunqueiro?

Quizais por sermos máis pragmáticos esteamos tamén máis necesitados da súa imaxinación...

¿Cando terá rematada vostede esa traducción, se é que podemos falar de prazos?

Fixen o ano pasado vinte ou trinta páxinas e probei con dúas editoriais británicas, sen éxito. Non sei se haberá que buscar un axente literario en Londres, que é o xeito máis lóxico de proceder politicamente. Achandado este terreo, eu podería facer o traballo en pouco tempo.

O que me chama a atención de Cunqueiro e que me interesa moito é o detalle de escribir primeiro en galego e logo traducirse ó castelán. Iso para min é moi positivo. Pero non parece o caso dos novos escritores da Galicia de agora, ¿ou si?

Si, empeza a ser normal. Un dos problemas do escritor galego, precisamente, aparece xusto no momento de empezar a escribir, debido a que ten que elixir. Fálase dunha especie de esquizofrenia, dunha escisión interna que lle cómpre resolver a quen queira dedicarse a escribir en Galicia: ou galego ou castelán. Polo menos isto deuse en moitos casos. Quizais o recurso á traducción posterior veña a resolver algo o problema.

Pero dependerá do momento, porque non coido eu que a Cela ou a Torrente se lle pasase pola cabeza escribir as súas primeiras novelas en galego... As fronteiras neste sentido están desaparecendo.

Si, agora máis, porque a literatura galega, aínda que non totalmente, está bastante normalizada e é lóxico que os escritores empecen a ver a posibilidade doutras saídas, como calquera escritor do mundo. Quizais a caída dos réximes do Leste e

a evidencia de ter que moverse, por moito tempo, cando menos, nunha economía de mercado libre por toda Europa, acelere tamén este proceso de saída ó exterior, moi lexitimamente, por outra parte. Por se non estivese xa abondo claro con anterioridade, isto lexitima aínda máis ó escritor a acceder a públicos máis amplos. En Galicia, por necesidades obvias, escribiuse moito por militancia, por patriotismo, e iso é fatal para a literatura, pois en aras dese patriotismo escribiuse moita mala literatura que en nada axuda á causa que di defender. É unha dialéctica abondo difícil de resolver. Por unha banda, hai que recoñecer que sen esa militancia, con tan poucos incentivos de tipo pragmático, dedicarse a escribir en galego ten moito de aventura heroica, pero por outra, todo ese proceso deu lugar a que moita mediocridade se abeirase á sombra desa necesidade cultural do País para reclamar o seu dereito á consideración do público e da crítica. En fin é moi complexo...

Unha derradeira pregunta, profesor Smith, se non é moita molestia. ¿Que opina vostede da estrutura europea sobre a base do que se chama a Europa dos pobos, coas súas culturas, as súas linguas, o seu autogoberno, unidos todos e respectándonos nas nosas diferencias. E dicir, a estrutura que moitos quixeramos fronte da Europa dos grandes Estados.

Ben, con permiso, case non vou contestar... É que como eu son inglés do Sur, é dicir, saxón, inglés maioritario destas illas, e son consciente de que hai minorías (non falo de negros ou asiáticos) autóctonas, celtas, que están loitando igual cós galegos e outras minorías en España, sería impropio que un maioritario coma min, por liberal que sexa (e eu sono en todas estas cousas) faga ningún comentario. Porque un maioritario non pode sentir, non pode ter os sentimentos da minoría...

É, de tódolos xeitos, un punto de vista moi interesante...

A extinción das nosas linguas celtas é un problema tráxico. Nestes momentos, precisamente, estamos facendo un censo, unha enquisa, sobre a utilización, entendemento, nivel de comprensión e de uso, etc., do gaélico. Pois ben, quedan soamente uns vinte mil falantes e está en vías de desaparecer. Antes dicíase que a extinción sería para o ano 2.000, agora non tanto, pero algo máis tarde chegará. En Irlanda, isto ten que ver co propio nacionalismo político, e todo depende do esforzo dun goberno nacionalista, dende os anos vinte, por implantar estudos, usos, etc. A verdade é que non tivo moito éxito.

Así é que o maioritario inglés, francés, español, alemán, etc., non pode facer ningún comentario a este respecto que non sexa neste sentido de liberalidade total (“haber se eles poden facer o progreso sós...”)

Sen obstaculizar...

Si, pero hai grandes problemas prácticos. Os pais, en Gales, por exemplo, teñen que decidir ata que punto vai ser posible que o neno reciba instrución en galés. Claro, nos anos da escola primaria e secundaria, quizais, non hai problema. Pero se ese fillo ou filla quere facer progresos, despois, no Estado, que é Gran Bretaña, o Reino Unido, terá seguramente que traballar en inglés e posiblemente saír de Gales a traballar, e sempre haberá a cuestión de se na Universidade, por exemplo,

é posible o ensino das últimas tecnoloxías da medicina, da enxeiería ou da física, nesa lingua arcaica.

Iso non o digo de ningunha lingua románica, porque en catalán ou en galego pódese facer perfectamente todo o que se fai en castelán ou en francés. De xeito que coído que vostedes non teñen problemas.

Non, relativamente; quen ten grandes problemas son os vascos, que empregan grandes cantidades de diñeiro...e non progresan moito.

Claro. Polo tanto, eu, como inglés maioritario non podo máis que lamentar enormemente os obstáculos que se lle puxeron e poñen moitas veces a estas cuestións. Pasou en Gales. Entrou a nova cultura e se o fillo quixo facer progresos nela tivo que abandonar a lingua nai. Mesmo como ocorreu en Galicia, supoño, nalgún tempo.

E tanto que ocorreu. Tanto, que aínda estamos no proceso de recuperación. Ben, profesor, pois moitas gracias por dedicarnos este anaco de tempo tan agradable. ¿Sabe vostede que este ano está dedicado, en Galicia, a Alvaro Cunqueiro?

Si, claro, acabo de traducir un poema para enviar a Mondoñedo, ós Amigos da Cidade de Mondoñedo, que coído que llo enviaron a varias persoas máis co fin de o traducir a distintas linguas. É o titulado "Na outra banda", que figura en *Herba aquí e acolá*. Tamén me falaron de que están preparando algo, algún acto, en Mondoñedo e que me manterían informado...**. Ben, non digo que me invitasen polo de agora, pero coído que haberá posibilidades...

Entón, atoparémonos en Mondoñedo con toda seguridade.

Oxford
Abril, 1991.

** Entre os días 9 e 13 de setembro de 1991, celebrouse, efectivamente, un *Congreso Alvaro Cunqueiro*, e a el asistiu o profesor Colin Smith cunha ponencia maxistral.